



Macrófono no Festival Mediafest (Las Palmas de Gran Canaria)

# SONOSFERA de Santiago

(Audio-Acción na rúa)

O Colectivo **Escoitar.org** e **Alg-a.org** no Festival dos abrazos.

**Data:**

Venres 21 de agosto

**Lugar:**

Praza do Toural de Santiago

**Hora:**

13h.

## O SON, ESE GRAN MISTERIO

A primeira relación que os seres humanos temos co mundo transcorre a través dos nosos oídos, o primeiro sentido que desenvolve o feto. Os primeiros estímulos chegan da voz da nosa nai, o seu líquido amniótico amplifica os sons do exterior e deste proceso xorden os primeiros vínculos afectivos. **Non temos pálpebras nos oídos**, é dicir, non podemos cortar o fluxo sonoro de forma mecánica, (como si podemos facer coa vista), é por iso que estamos avocados a escoitar e a nosa orella traballa día e noite durante toda a nosa vida; sempre escoitamos, incluso cando durmimos. Para encrechar o rizo, e segundo os últimos estudos, as últimas células que se desconectan do noso corpo cando expiramos son as do oído. Por todo iso **nacemos escoitando, vivimos escoitando e morremos escoitando**. Pero.... Por que sendo a orella un órgano tan importante na nosa vida foi sempre relegada a un segundo plano?, Por que existe esa **hexemonía tan marcada entre a vista e o oído**?, Por que os libros de historia non inclúen un CD de audio cos sons e paisaxes sonoras do lugar que relatan?, acaso non é de sentido común que unha gravación dunha praza senlleira do lugar que habitamos, realizada en 1920 achegaría moitas pistas de como eran os nosos maiores?. Por que estas gravacións non se fixeron a pesar de que naqueles anos xa existía unha tecnoloxía que o permitía?. Estas son as preguntas que o Colectivo Escoitar.org lanza á sociedade **co obxecto de albiscar algúns aspectos ocultos do son que poden axudar a explicar este agravio, esta relación xerárquica entre a vista e o oído**.

## A PERFORMANCE PÚBLICA DE ESCOITAR.ORG+ALG-A

Despois dunha acción simbólica e efémera na que **se soltaron 2.000 globos con forma de orella** (e con micrófonos inalámbricos no seu interior), **dende a terraza do Círculo de Belas Artes de Madrid**, e onde **foi radiado en tempo real o son do ceo de Madrid por Radio Nacional de España, Radio3**, no Festival dos Abrazos os Colectivos ofrecen agora unha Audio-Acción na rúa bautizada co nome de **“SONOSFERA DE SANTIAGO”** que consiste nun paseo sonoro polas rúas de Santiago de Compostela (percorrendo os lugares onde se poden escoitar os sons propios da cidade, aqueles de confiren o carácter e a identidade acústica do lugar, rexistrando e transmitindo os chamados sons de pertenza, son que os habitantes recoñecen como propios e que non se escoitan en outros lugares). Todo elo **levando un micrófono xigante** (inchable de 7 metros de lonxitude arrastrado e suxeitado con arneses por varias persoas) **capaz de capturar o son ambiente da cidade en tempo real e posibilitando a súa emisión por algunha emisora de Radio FM**. Toda a rexión poderá escoitar estes sons. Trátase, logo, de transportar o ambiente sonoro dun lugar concreto a todos os lugares onde é escoitada a radio. Trátase tamén de fomentar e promocionar a escoita activa poñendo en primeiro plano o son ambiental da rúa que foi considerado sempre como un obxecto residual, como unha información sen importancia para relatar a historia dos lugares.

# FOTOGRAFÍAS



Festival Coiro de Pita (Porriño)



Festival Coiro de Pita (Porriño)



Festival Coiro de Pita (Porriño)



Festival Coiro de Pita (Porriño)



Escoitar no Ateneo Obrero de Xixón



Escoitar no Bòlit (Girona)



Escoitar no CGAC (Santiago)




Escoitar no CBA (Madrid)



Logo/icono de Escoitar



Escoitar no MARCO (Vigo)



Escoitar no Matadero (Madrid)



Escoitar no Mediafest (Canarias)



Escoitar no Mediafest (Canarias)



Escoitar en Outonarte (A Coruña)



Escoitar en Pontevedra



Escoitar no ZEMOS98 (Sevilla)

  
Logo Escoitar

**Para descargar paquete ZIP con estas fotografías en alta:**

[http://www.escoitar.org/fotos\\_prensa\\_escoitar.zip](http://www.escoitar.org/fotos_prensa_escoitar.zip)

**Videos de otras acciones similares:**

<http://www.vimeo.com/5514569>

<http://www.vimeo.com/2180545>



# escoitar

Escoitar.org naceu como un proxecto en rede ligado a un grupo de investigación da Universidade de Vigo. O seu principal obxectivo é o fomento e a promoción do fenómeno sonoro e a escoita activa (son promotores en España da corrente Estudos Auráís, unha nova vía de coñecemento que estuda as sociedades a través dos sons que xera e que escoita: o imaxinario sonoro). Formada por antropólogos, musicólogos, enxeñeiros, e artistas, entre outras actividades traballa na conservación da memoria sonora, a posta en valor do patrimonio cultural inmaterial, o fomento da participación das oíntes na configuración do patrimonio sonoro e os traballos de campo, rexistro e contextualización dos sons ambientais do país, todo iso desde unha actitude artística e performática.

Traballa ofrecendo o seu particular punto de oído (vista) sobre a experiencia sonora e o potencial do son como testemuña da historia. Algunhas de súas liñas de traballo de maior repercusión son a investigación sobre algúns aspectos ocultos do son, concretamente sobre as tecnoloxías sonoras de control social (e as armas acústicas) ou o estudo dos sons en perigo de extinción que polo seu valor merecen ser conservados e historiados. Recentemente traballaron na **Fonoteca Nacional de México**, no **Interference de Breda** (Holanda), no **ZKM de Alemaña** e en espazos da península como **Matadero (Madrid)**, **Círculo de Belas Artes (Madrid)**, **Bòlit Centro de Arte (Girona)**, **Artium (Vitoria-Gasteiz)**, **Arteleku (Donosti)**, **Casa Encendida**, **Medialab-Prado e Museo Reina Sofía (Madrid)**, **LABoral Centro de Arte e Creación Industrial**, **Ateneo Obrero de La Calzada (Xixón)**, **CGAC (Santiago)**, **MARCO (Vigo)**, **UNIA (Universidade de Sevilla)** ou festivais como **Mediafest (Canarias)**, **Sensxperiment (Lucena)**, **ZEMOS98 (Sevilla)**, **Festival Couture (Estrasburgo)** ou **Eutopía (Córdoba)**.

Escoitar.org é un claro exemplo dun proxecto nado enteiramente na rede internet que respondeu á lentitude, densidade e pondremia propias da xestión cultural do mundo físico. Fruto das recentes transformacións culturais ligadas á incorporación e domesticación das novas tecnoloxías, foi capaz de aplicar algunhas das claves dun novo xeito de produción cultural: situar en primeiro plano o traballo inmaterial, a produción de sentido e afectividade e o traballo intelectual e pasional. Creou a través da rede as súas propias canles de promoción, produción e distribución das obras que produce, todas elas relacionadas coa cultura aural do país. A utilización das canles dixitáis e outros elementos como a autoxestión permitiulle fluir en axialidade, lixereza e infinitude.